



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Diario Oficial de Galicia de hoxe publica a convocatoria da **segunda edición do programa Principia** para a **contratación de persoal para a realización de actividades de I+D+i por parte de empresas e organismos de investigación en Galicia.**

Este pioneiro programa, impulsado pola Axencia Galega de Innovación (GAIN), persegue **apoiar que as empresas e organismos de investigación contraten persoal xove e cualificado para abordar actuacións de investigación, desenvolvemento e innovación** e así favorecer a súa carreira profesional e estimular a demanda no sector público e privado de persoal suficientemente preparado para acometer proxectos de I+D+i.

O orzamento total da convocatoria ascende a **1.100.000 euros**, que poderá ampliarse en virtude das solicitudes presentadas. O **importe** de cada axuda é de **10.000 euros por contrato**, durante un período mínimo dun ano, de titulados universitarios ou técnicos superiores de formación profesional con idade comprendida entre os 18 e os 35 anos. Poderanse solicitar ata un **máximo de 10 contratos por entidade.**

Os contratos apoiados poderán ser **indefinidos ou temporais**, aínda que se primará a estabilidade laboral, e poderán estar **formalizados desde o 1 de xaneiro de 2017.** A retribución anual bruta a percibir por cada tecnólogo contratado deberá figurar expresamente no contrato e non poderá ser inferior a 19.000 euros brutos.

O **prazo** para a presentación de solicitudes, de xeito exclusivamente electrónico a través da **Sede Electrónica da Xunta de Galicia** (procedemento IN848C), é dun mes e **remata o vindeiro 24 de xullo.** A Axencia Galega de Innovación (GAIN) disporá do prazo de dous meses para resolver a concesión das axudas e, unha vez notificada a concesión, o importe da axuda concedida será

aboado nun único pagamento tras a presentación da contratación subvencionada.

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

